



El Castro, 20 de Marzo de 1969.

Sr.D. Ricardo García Suárez

Vigo.

Meu querido amigo:

Remítoche dous grabados meus pra/Instituto Beiras. Cicáis sexa pouco, nono sei, mais non conto con mais obra eiquí -óleos- que non teña xa dispostos pras eispósitos fora de Galicia. De calquer xeito o Instituto pode contar connigo pra algunha xestión que poda facer en Buenos Aires. O precio dos grabados son 5.000 pesetas cada un, menos do precio que os vendo en Buenos Aires e noutras partes, mais si che parece moito ponlle tí o precio. Si se venden ós cartos son íntegramente pra o Instituto, e si non se venden que queden de propiedade díste.

Nós Marcharemos deiquí o sete ou ~~m~~ oito do mes que ven. Vinde. Rematei de facer pra un teatro universitario de Coímbra os telós, figurís e máscaras pra "Os vellos non deben de namorarse". O teatro diríxeo o catalán Ricardo Salvat, e fixen pra Sargadelos, aparte algús diseños, as cabezas pra xarras de Castela, Valle Inclán e Unamuno. Penso que lles conseguín parecido. Marcial Suárez quere que faga os dibuños e tapa pra o libro que ten de publicar en Galicia. As ilustraciós fágollas, mais a tapa dependo de que tí o permitas, Contéstame.

Unha aperta de Maruja e meus pra Mimi e pra tí. Saúdos de Isaac, q quen tamén enviará unha obra tan pronto volte de Valencia, onde se inaugura unha mostra de cerámica: